

Alejandro Rodríguez González
Departamento Matemática Aplicada, USC

Desenvolvemento dunha metodoloxía de deseño optimizada e multidisciplinar de máquinas eléctricas

A enerxía eléctrica é un dos soportes da civilización moderna. No contexto actual, as máquinas eléctricas son de capital importancia dado que a maioría das centrais eléctricas de enerxía necesitan unha máquina eléctrica traballando como xerador. Doutra banda, estímase que o 65% da enerxía eléctrica producida é consumida por motores eléctricos.

As máquinas eléctricas constitúen sistemas complexos nos que se producen numerosos fenómenos físicos, por iso o seu proceso de deseño require de detallados modelos multidisciplinares. Con todo, as metodoloxías e ferramentas que habitualmente se empregan céntranse en consideracións electromagnéticas e eléctricas realizando deseños máis ben adecuados que óptimos.

Por iso, en 2012 lánzase unha colaboración entre o Departamento de Matemática Aplicada da USC e o Centro Tecnolóxico IK4-Ikerlan para realizar unha tese que desenvolva unha innovadora metodoloxía que permita realizar deseños de PMSM holísticos, multidisciplinares e optimizados.

Data	Mércores, 16 de marzo de 2016
Lugar	Salón de Graos - Facultade de Matemáticas Poderase seguir por videoconferencia dende o Campus de Lugo
Hora	12:00
Idioma	Castelán